



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 28/04/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 28/04/2022, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de

Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 13/04/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 13/04/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS

LICENZAS DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000025



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Visto o escrito co número 2021/999/00000812 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 21/12/2021, presentado por ADRIAN MARTIN PRIETO, en representación de ROSA MARIA INSUA PEREZ, de LICENZA DE EDIFICACIÓN para a ampliación de vivenda unifamiliar (Referencia Catastral número: 000901200MH75D0001SQ), en base ao proxecto básico - ampliación de vivenda unifamiliar sen visar, de data decembro de 2021, redactado polos arquitectos Adrián Martín Prieto, colexiado 3677 COAG e Elena Sarmiento Díez, colexiada 3934 COAG.

Considerando, que do informe técnico de data 4/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese a documentación que deberá presentar para seguir coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2022/000/00000229 (RS) de 8/04/2022, remíteselle a ADRIAN MARTIN PRIETO, oficio ao que se lle xunta o informe técnico de 4/04/2022 e indicase que se paraliza o cómputo de prazos neste expediente, mentres non se reciba a documentación complementaria solicitada.

Considerando que co número 2022/999/00000294 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 19/04/2022, ADRIAN MARTIN PRIETO, aporta documentación complementaria requirida para unir ao expediente.

Visto que con data 26/04/2022, o arquitecto que presta servizos nesta corporación, emite informe favorable ao proxecto.

Visto o informe xurídico favorable emitido o día 27/04/2022, por Gloria Zúñiga Rial, letrada colexiada número 2326 do ICA de Santiago de Compostela, en nome de representación de GALIVALIA empresa que presta servizos de asesoramento xurídico a esta corporación.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ROSA MARIA INSUA PEREZ, a LICENZA DE EDIFICACIÓN para a ampliación de vivenda unifamiliar (Referencia catastral número 000901200MH75D0001SQ), en base ao proxecto básico - ampliación de vivenda unifamiliar sen visar, de data decembro de 2021, redactado polos arquitectos Adrián Martín Prieto, colexiado 3677 COAG, e Elena Sarmiento Díez, colexiada 3934 COAG, e ao Anexo ao proxecto básico sen visar, de data abril de 2022, redactado polos mesmos arquitectos, que constan no expediente, condicionada a:

- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente o proxecto de execución, debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente, por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

de seguridade e saúde, a presentación dos oficios dos técnicos que van a levar a dirección facultativa das obras, e do técnico coordinador de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.

- Documento público da cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

- Condicionarase a autorización para o inicio das obras, ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009, pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello, e que en todo caso, terá lugar no prazo de seis (6) meses desde a data de outorgamento da presente licenza, xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade, segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- O estudo xeotécnico débese acometer na fase inicial do proxecto, e en calquera caso, antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que se deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

A) EXPEDIENTE: 2020/U026/000069

Visto o escrito co número 2020/999/00000120 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 1/06/2020, presentado por Ana Belén Pérez Martínez, en nome e representación de JUAN MARCOS MARCOTE BUITURON, no que solicita o deslinde da súa propiedade con referencia catastral número 15038A502007850000DO. Segundo a escritura de segregación e cesión municipal número 170 efectuada o 19/02/2016, no que se segrega a parcela inicial en 3 fincas, para poder proceder a realizar o peche da mesma con postes de formigón.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 15/07/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberá acadarse autorización do organismo autonómico Augas de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2020/000/00001002 (RS) de 16/07/2020, dirixido a Juan Marcos Marcote Buiturón, remíteselle copia do informe técnico de 15/07/2022, e comunícaselle que se paralizan os prazos do procedemento ata a recepción do preceptivo informe sectorial.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que mediante o número 2020/900/00000357 do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) de 23/10/2020, dirixese oficio a AUGAS DE GALICIA, organismo dependente da CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, ao que se lle xunta Anuncio de información pública da solicitude presentada por Juan Marcos Marcote Buiturón, con dilixencia de exposición no taboleiro de anuncios deste concello durante o período que vai do 31/08 ao 20/09/2020 (ámbolos dous incluídos).

Resultando, que con data 2/03/2021, Augas de Galicia, resolve outorgar autorización do peche de finca con referencia catastral 15038A502007850000DO, a Juan Marcote Marcote Buiturón.

Vista a acta de comprobación documental de data 22/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN MARCOS MARCOTE BUITURON, o título habilitante para a realización das obras consistentes na construción dun peche lateral con postes de formigón, nunha parcela, con referencia catastral número 15038A502007850000DO.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2022/U026/000021

Visto o escrito co número 2022/999/00000138 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/02/2022, presentado por David Mosquera Castro, en nome e representación de MANUEL FRANCISCO TRABA TRABA, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de construción dun peche perimetral de malla metálica verde apoiada en postes de formigón cunha lonxitude aproximada de cen (100) metros, nunha parcela con referencia catastral número: 15038A023001340000FQ.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 2/03/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberá acadarse autorización do Instituto de Estudos do Territorio.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000118 (RS) de 7/03/2022, remítese copia do expediente ao INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

organismo dependente da CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, para que emita o correspondente informe sectorial.

Resultando, que con data 19/04/2022, o Instituto de Estudos do Territorio, emite informe do que se desprende que “non se formula ningunha obxección para a realización da actuación á que se refire este informe sempre e cando se adopten as cautelas sinaladas anteriormente”.

Vista a acta de comprobación documental de data 21/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MANUEL FRANCISCO TRABA TRABA, o título habilitante para a realización das obras consistentes na construción dun peche perimetral de finca con malla metálica e con postes de formigón cunha lonxitude de cen (100) metros, nunha parcela con referencia catastral número 15038A023001340000FQ, condicionada a:

- O peche non deberá superar a altura máxima de 1,50 metros e a malla a utilizar debe ser de simple torsión.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) EXPEDIENTE: 2022/U026/000034

Visto o escrito co número 2022/000/00000566 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 30/03/2022, presentado por PEDRO BAHAMONDE DIAZ, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de construción dunha rampla de formigón pola parte traseira da vivenda para acceso á vivenda (Referencia Catastral número: 8214806MH7581S0001MU).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 7/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica a documentación que deberá presentar para poder continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que mediante oficio co número 2022/000/00000228 (RS) de 8/04/2022, remíteselle a Pedro Bahamonde Díaz, copia do informe técnico de 7/04/2022, e indícaselle que se se paraliza o cómputo de prazos neste expediente mentres non se reciba a documentación complementaria solicitada.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que co número 2022/000/00000662 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 12/04/2022, PEDRO BAHAMONDE DIAZ, contesta ao requirimento realizado e comunica que a entrada na zona traseira terá a mesma pendente/rasante que a rúa principal.

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a PEDRO BAHAMONDE DIAZ, o título habilitante para a realización de obras de acceso posterior da vivenda construíndo unha rampla exterior coa mesma rasante que a vía a que da fronte, e escaleiras no interior da parcela (Referencia Catastral número: 8214806MH7581S0001MU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2022/U026/000036

Visto o escrito co número 2022/000/00000659 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 31/03/2022, presentado por María Ines López Rivas, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de instalación xeral de auga con destino a unha vivenda con referencia catastral número: 871022MH7581S0006TS.

Considerando, que co número 2022/000/00000681 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/04/2022, María Ines López Rivas, presenta escrito de aclaración manifestando que as obras consisten na substitución da tubaría actual do subministro de auga potable por outra nova de PVC, xa que a actual atopase deteriorada.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 27/04/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, e indica que para continuar coa tramitación do expediente deberá presentarse croquis ou plano detallado e fotografías onde se xustifique as conexións a realizar así como das actuacións pretendidas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a MARIA INES LOPEZ RIVAS, o título habilitante para a realización das obras consistentes na substitución da tubaxe existentes de conexión da rede de abastecemento municipal de auga potable coa vivenda (Referencia Catastral número: 8710229MH7581S0001MU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E) EXPEDIENTE: 2022/U026/000038

Visto o escrito co número 2022/000/00000578 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 1/04/2022, presentado por José Manuel Díaz Escaris, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de pintado en cor branca das fachadas da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 00130180MH75D0001WQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JOSE MANUEL DIAZ ESCARIS, o título habilitante para a realización das obras consistentes no pintado en cor branca das fachadas da vivenda (Referencia Catastral número: 00130180MH75D0001WQ).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

F) EXPEDIENTE: 2022/U026/000039

Visto o escrito co número 2022/000/00000607 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 5/04/2022, presentado por Juan Moure Canosa, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de tapado de gretas, pintado en cor branca das fachadas e colocación de recollida de augas pluviais no lateral sur da vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia Catastral número: 8423407MH7582S0001UQ).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN MOURE CANOSA, o título habilitante para a realización das obras consistentes no tapado de gretas, pintado en cor branca das fachadas e colocación de recollida de augas pluviais no lateral sur da vivenda (Referencia Catastral número: 8423407MH7582S0001UQ).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

G) EXPEDIENTE: 2022/U026/000040

Visto o escrito co número 2022/000/00000608 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 5/04/2022, presentado por María José Velay Lizancos, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de instalación eléctrica e de colocación de pezas sanitarias en aseos (Referencia Catastral número: 8607520MH7580N0001IT).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a MARIA JOSE VELAY LIZANCOS, o título habilitante para a realización das obras de instalación eléctrica e colocación de pezas sanitarias en tres baños da vivenda (Referencia Catastral número: 8607520MH7580N0001IT).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

H) EXPEDIENTE: 2022/U026/000042

Visto o escrito co número 2022/000/00000652 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 12/04/2022, presentado por Ana Varela Pardo, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de reforma de fontanería, colocación de novo azulexo e plaqueta no baño da vivenda (Referencia Catastral número: 8704708MH7580S0001ID).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ANA VARELA PARDO, o título habilitante para a realización das obras de reforma da fontanería, novo azulexo e plaqueta nun baño, na vivenda (Referencia Catastral número: 8704708MH7580S0001ID).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

I) EXPEDIENTE: 2022/U026/000045

Visto o escrito co número 2022/000/00000656 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 12/04/2022, presentado por Rafael Insua López, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de construción dun peche con bloque branco na parte traseira e lateral da parcela sita no domicilio de residencia, cunha lonxitude de 28 metros de longo e 1,50 metros de altura (Referencia Catastral número: 8414304MH7581S0001GU).

Vista a acta de comprobación documental de data 18/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a RAFAEL INSUA LOPEZ, o título habilitante para a realización das obras consistentes na construción dun peche de bloque branco na parte traseira e lateral da parcela sita na rúa Cabello, 16 de Fisterra, cunha lonxitude de 28 metros de longo e 1,50 metros de altura máxima (Referencia Catastral número: 8414304MH7581S0001GU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

J) EXPEDIENTE 2022/U026/000048

Visto o escrito co número 2022/999/00000293 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/04/2022, presentado por Carlos Romero Lage, en nome e representación de JUAN MANUEL CARRO REY, de COMUNICACIÓN PREVIA para realizar as obras de conservación de interiores na edificación (Referencia Catastral número: 8609107MH7580N0001IT), en base ao estudo técnico realizado polo arquitecto Carlos Romero Lage, colexiado 4424 COAG.

Vista a acta de comprobación documental de data 26/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, no que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN MANUEL CARRO REY, o título habilitante para a realización de obras consistentes no alicatado de pavimentos e colocación de pezas sanitarias no baño dunha vivenda (Referencia Catastral número: 8609107MH7580N0001IT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3º) ASUNTOS VARIOS

3.1 – LICENZA DE ACTIVIDADE

LICENZA DE APERTURA

A) EXPEDIENTE: 2021/U019/000005

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2021/000/00000651 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 8/04/2021, por Lorena Insua Insua, de COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de MAQUINA EXPENDEDORA de bebidas, que se localiza no inmovible con referencia catastral número 000900200MH75D0001KQ.

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 1/06/2021 emite informe no que declara incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa debendo presentarse para poder realizar as mesmas “autorización da delegación territorial da Coruña da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de Galicia as obras pretendidas”.

Considerando, que co número 2021/999/00000157 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos de data 7/06/2021, dirixese oficio a Lorena Insua Insua, ao que se lle xunta o informe técnico de 1/06/2021.

Considerando, que co número 2021/000/00000783 do Rexistro de Saída de Documentos de data 9/06/2021, dirixese oficio ao Servizo de Patrimonio Cultural de A Coruña, pertencente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, solicitándolle o preceptivo informe sectorial.

Considerando que con data 10/12/2021 o Servizo de Coordinación Cultural da Xefatura Territorial da Coruña, resolver autorizar a instalación da máquina expendedora solicitada.

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 22/04/2022 emite informe do que se desprende que a comunicación previa cumpre co establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecemento, e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACION PREVIA presentada por LORENA INSUA INSUA, para a instalación dunha “MAQUINA EXPENDEDORA de bebidas” sita na edificación con referencia catastral número 000900200MH75D0001KQ.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) EXPEDIENTE: 2021/U019/000022

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2021/000/00001709 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 18/08/2021, por Livia Insua Lago, de COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de PERRUQUERÍA, que se localiza no baixo da edificación (Referencia Catastral número: 8507432MH7580N0004RI).

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 8/09/2021 emite informe do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

Considerando, que co número 2021/999/00000337 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos de data 14/09/2021, dirixese oficio a Livia Insua Lago ao que se lle xunta o informe técnico de 8/09/2021.

Considerando que co número 2021/999/00000677 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 2/11/2021, Livia Insua Lago, achego documentación complementaria para unir ao expediente.

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 22/04/2022 emite informe do que se desprende que a comunicación previa cumpre co establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecemento, e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACION PREVIA presentada por LIVIA INSUA LAGO de inicio da actividade de "PERRUQUERIA".

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

C) EXPEDIENTE: 2022/U019/000003

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000110 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 10/02/2022, por Rosa María Domínguez Marcote, de COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de ARTES GRAFICAS -IMPRESIÓN GRÁFICA, que se localiza no baixo da edificación (Referencia Catastral número: 8706101MH7580N0002QY).

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 22/04/2022 emite informe do que se desprende que a comunicación previa cumpre co establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecemento, e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACION PREVIA presentada por ROSA MARIA DOMINGUEZ MARCOTE, de inicio da actividade de "ARTES GRÁFICAS - IMPRESIÓN GRÁFICA"

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

D) EXPEDIENTE: 2022/U019/000007

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2022/999/00000271 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 7/04/2022, por María Engracia Balayo Caamaño, en nome e representación de María Begoña Quintas Insua, de COMUNICACION PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de CAFE BAR, que se localiza na edificación (Referencia Catastral número: 8706201MH7580N0001RT).

Considerando, que co número 2022/999/00000279 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos deste Concello, de data 11/04/2022, María Engracia Balayo Caamaño, en nome e representación de María Begoña Quintas Insua, presenta documentación complementaria para unir ao expediente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación con data 18/04/2022 emite informe do que se desprende que a comunicación previa cumpre co establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecemento, e se declara completa a documentación presentada para a realización da apertura da actividade solicitada.

Por todo o anterior, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACION PREVIA presentada por MARIA BEGOÑA QUINTAS INSUA, de inicio da actividade de "CAFE BAR" que se localiza na edificación (Referencia Catastral número: 8706201MH7580N0001RT).

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.2 – SERVICIOS DE TEMPADA

A) EXPEDIENTE: 2022/V013/000002

Visto o expediente iniciado en base ao escrito presentado co número 2022/000/00000538 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 25/03/2022, por NAJAT ANAFA OIHBI, no que solicita licenza de instalación e apertura dun servizo de tempada de 20 m2 con servizo de terraza de 50 m2 e aseos públicos, que se localiza nunha parcela con referencia catastral número 8523607MH7582S0001UQ, durante a tempada de 2022.

RESULTANDO que, con data 6/04/2022, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación emite informe no que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

RESULTANDO que, co número 2022/999/00000294 do Rexistro Telemático de Saída de Documentos deste Concello de 12/04/2022, dirixese oficio á interesada ao que se lle xunta o informe técnico.

RESULTANDO que, co número 2022/000/00000684 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos, de data 25/03/2022, por NAJAT ANAFA OIHBI, presenta a documentación requirida para continuar coa tramitación do expediente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que no expediente consta informe favorable de data 21/04/2022, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, do que se desprende que se declara completa a documentación presentada, debendo cumprir en todo caso as condicións indicadas nos informes sectoriais recibidos e que constan no expediente.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por Najat Anafa Oihbi, e conceder licenza para a realización das obras de instalación de servizo de tempada de 20 m², con servizo de terraza de 50 m² e aseos públicos con carácter desmontable, que se localiza na parcela con referencia catastral número 8523607MH7582S0001UQ, en base á memoria técnica para a instalación temporal de caseta de madeira desmontable realizada polo arquitecto Xoa B. Alborés Tajés, colexiado número 3125, debendo cumprir en todo caso as condicións indicadas nos informes sectoriais que constan no expediente:

*Organismo Augas de Galicia:

As obras que se legalizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións, desenvolvéndose en parcelas declaradas de titularidade do petionario na documentación do proxecto, e son:

- Recheo feito con terra nas parcelas con referencia catastral 8523607MH7582S0001UQ e 8523608MH7582S0001HQ, cuns 28 metros de longo por 10 metros de ancho na parte sur, e 8,50 metros na parte norte, e altura de 1,20 metros, sobre o que se realizaron o resto das obras.
- Caseta de madeira de 7,20 x 2,70 metros e caseta metálica de 4 x 2,10 metros onde se atopan os aseos.
- Fosa séptica estanca valeirable, con capacidade de 2.300 litros, para un máximo de 8 habitantes equivalentes.
- A distancia mínimas das obras ao bordo do leito é duns 14,50 metros.

*Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de Costas:

1º) A instalación en ningún caso poderá invadir a zona de dominio público marítimo terrestre, e todas as conducións de servizo ás ditas instalacións, no suposto de existiren, deberán ser soterradas.

2º) Non poderán almacenarse no exterior do establecemento envases, caixas, cubos ou aparellos que menoscaben a estética visual correspondente á localización da instalación.

3º) A superficie de ocupación da instalación non poderá exceder de 70 metros cadrados, dos que 20 m² como máximo poderán destinarse a instalacións pechadas.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Non computará ocupación, a instalación temporal de aseos químicos públicos e gratuítos.

4º) O prazo do outorgamento comprende o período de Semana Santa, e a tempada de verán dos anos 2020 a 2023, que se estende dende o 1 de maio ata o 31 de outubro.

5º) Deberá procedese ao levantamento e retirada das instalacións nos 15 días seguintes á finalización do período estival, o 31 de outubro de cada ano, e non resultará preceptiva a retirada das instalacións ao concluír o período de Semana Santa.

6º) Durante a vixencia da autorización deberanse adoptar as medidas necesarias tanto para garantir a integridade do dominio público marítimo - terrestre e as súas zonas de servidume -con especial atención a evitar o verquido de materiais contaminantes co medio natural-, como a seguridade das persoas e bens, balizando e sinalizando convenientemente a zona de traballo e adoptando as medidas de seguridade e hixiene aplicables a este tipo de actuacións.

*Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

- O artigo 78.3.c) establece que no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago prohibese a publicidade ou os carteis, en tramos non urbanos, que excedan da finalidade meramente indicativa para a localización de servizos ou establecementos, o que terá que ser expresamente autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural.

- Respecto á terraza, deberá situarse no lugar grafado nos planos da memoria técnica, sen invadir o contorno de protección do camiño, e enténdese necesario eliminar a carpa existente, evitando a utilización de mobiliario de plástico, nin que inclúa publicidade de marcas comerciais. Nos acabados evítanse as superficies brillantes ou pulidas e as cores intensas ou rechamantes. Aceptaríase o emprego de materiais de madeira tratada, plástico cun tratamento, deseño e calidade acorde cun ámbito cultural, ferro, aceiro e aluminio cun acabado mate e sen brillos, para evitar a perturbación de escintileos e reflexos.

- Optarase pola utilización de mobiliario de deseños sinxelos e preferentemente de características homoxéneas.

- Pódense admitir parasóis téxtiles, de quitar e poñer, facilmente desmontables e almacenables, elixindo unha soa cor entre os tons brancos ou cremas claros.

- A colocación de mesas e cadeiras terá un carácter provisional e nun horario propio da actividade a que sirvan. Por tal motivo serán recollidas todos os días e deberán ser almacenadas nun lugar fora do campo visual do camiño, que non impida ou deturpe a apreciación dende o espazo público.

- Así mesmo, unha vez desmontadas as instalacións, deberán almacenarse fora do campo visual do Camiño de Santiago e da súa contorna de protección.

- Na zona ocupada inicialmente polo establecemento (a carón a traza do Camiño) , así como de ser preciso realizar canalizacións para o soterramento de instalacións,



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

recuperarase o estado natural da parcela coa vexetación autóctona, coherente e respectuosa co ámbito protexido do litoral costeiro de praia e dunas.

- Logo de valorar a situación da parcela onde se instala esta caseta, así como o alcance desta actuación, non identifico a priori afeccións a ningún xacemento arqueolóxico catalogado nin coñecido, e, polo tanto, non considero necesario establecer ningún tipo de supervisión arqueolóxica das obras. Porén, de apareceren restos arqueolóxicos no transcurso destas obras, comunicarase de contado á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, que indicará as medias oportunas.

2º) Unha vez rematadas as obras de instalación da caseta e da terraza, deberá presentar comunicación previa de apertura do servizo de tempada.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3.3 – AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2022/000/00000711 (RE) de 22/04/2022, por J. B. T. T, no que solicita unha axuda económica de emerxencia social para gastos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 28/04/2022, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda única por importe de douscentos euros (200,00 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. B. T. T, unha axuda de emerxencia social por importe de douscentos euros (200,00 €).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.